



A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 5 | Edición nº 57 | Setembro de 2022 | PRECIO 2 EUROS

**V Feira Exposición
Internacional das
Orquídeas en Salvaterra**

Páxina 2

**ACiP lánzase ao reto
de obter a Alcaldía
de Ponteareas**

Páxina 4

**Presentado o proxecto
de transformación da
nave de Aceiros do Tea**

Páxina 7

**O Hóckey Club
Ponteareas feminino
competirá na
liga española**

Páxina 8

**Mondariz legalizará o
colector xeral de
augas residuais**

Páxina 10

**Novos tramos para
a rede de saneamento
de Covelo**

Páxina 10

**EU Ponteareas reclama
melloras no SAF**

Páxina 12

Entrevista



Jesús Vázquez Almuiña

Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo

**"O Porto de Vigo
leva 4 anos
pechando con datos
positivos de tráfico"**

Páxina 13

Entrevista



Maite Isla

Presidenta de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí

**"Os nenos refuxiados saharauís regresan
aos campamentos falando galego"**

Páxina 9

Portugal - Alto Minho

**Portugueses e galegos pedem a
Costa e Sánchez melhor acceso
à fronteira em Ponte da Barca**

Páxina 14

**Melgaço distinguiu quem
engrandece o concelho**

Páxina 15

**III Torneio Internacional
de Basquetebol Cidade
de Viana do Castelo**

Páxina 14



pikolin

Consultar modelos disponibles en la promoción

BOINSCON CENTER

euronics

Concha Brey, 4
PONTEAREAS
Teléfono: 986 640 115

CONDADO/PARADANTA

A Deputación mellora a seguridade viaria na estrada de Areas, Alxén e Cabreira

A Deputación vén de adxudicar as obras de mellora da seguridade viaria na estrada provincial EP-4005 Areas-Alxén-Cabreira

Os traballos, que contan cun orzamento de 87.420 euros, teñen por obxecto a colocación de barreiras de seguridade, de tipo bionda, nos tramos curvos que coinciden con terreos en pendente. A empresa adxudicataria é Señalizaciones Villar S.A. e o prazo de execución quedou fixado en tres meses dende que se asine a acta de comprobación de replanteo sobre o terreo.

O departamento provincial de Infraestruturas, no marco da súa revisión ordinaria de tódalas estradas provinciais co obxectivo de detectar riscos para a seguridade viaria, decidiu a conveniencia

de protexer con barreiras lonxitudinais as marxes desta estrada e minimizar así as consecuencias de posibles accidentes por saída de vía.

As obras, ademais da protección das curvas, inclúen a retirada das barreiras antigas que existen nalgúns puntos do trazado, así como a reciclaxe de tódolos materiais empregados. Os novos elementos de protección, adaptados á normativa actual, proporcionarán un adecuado nivel de contención aos vehículos, minimizando danos e lesións para as persoas ocupantes e o resto de usuarios da estrada, así como outras persoas ou obxectos situados nas proximidades. Para elo instalárase preto dun quilómetro de barreiras, así como 206 "captafaros" para mellorar a visibilidade en horario nocturno.



Celebróuse con gran éxito de público a LXIII Festa do Viño do Condado do Tea, coa participación de 13 adegas. Ademais das catas comentadas, o tunel do viño ou a declaración dos viños deliciosos do ano, tiveron protagonismo as actuacións musicais como as de Xisco Feijóo e Lucía Pérez o sábado pola noite, como recolle a fotografía na que a alcaldesa Marta Valcárcel intervén dende o palco, xunto aos músicos e á Directora de Turismo de Galicia, Nava Castro.

V Feira Exposición Internacional das Orquídeas

O Parque da Canuda de Salvaterra acollerá a V Feira Exposición Internacional das Orquídeas os vindeiros 17 e 18 de setembro, cunha serie de actividades didácticas e musicais co foco no cultivo de diversos xéneros de orquídeas.

O evento contará coa tradicional apertura da feira internacional, conferencias sobre a conservación e o cultivo de xéneros como a Cattleya, Laelia e Encyclia, e concertos acústicos, de piano e actuacións de grupos musicais como do Dúo Alter Nós e Like a Version.



M
INMOBILIARIA
MERCA VENDA

Casas
Locales
Fincas
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

GNS **GALICIA**
NAI SEÑORA
SAÚDE, SEGURIDADE E BENESTAR

Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506

“Auga e Vida” nomeada a mellor obra artística do GDR Condado Paradanta

A fotografía “Auga e Vida” de Diego Alonso foi nomeada polo público como a “mellor obra artística do GDR Condado Paradanta”, na terceira edición do certame artístico que organiza a entidade supramunicipal.

Segundo o presidente do GDR, Juan Pablo Castillo, a peza gañadora, na que se ve en detalle como caen gotas dunha man feminina que acaba de mollarse no río, “transmite moito do espírito do territorio, como é o gozar con tranquilidade e calma da natureza da zona”.

O III Concurso Artístico do Condado Paradanta – visións do territorio, que ten como obxectivo por en valor o patrimonio natural, cultural e social da área de actuación do GDR, contou con catro categorías de participación: fotografía, vídeo, pintura e deseño. Cada una delas conta cun premio do xurado e outro do público, sendo este último, o responsable de designar a gran gañadora do certame, a través do número de interaccións na rede social de Facebook.



Gañadores por categoría

“Auga e Vida” foi a preferida polo público na categoría de fotografía, aínda que “La nueva libertad”, de Marcos David del Río, foi a elixida polo xurado.

Tamén foron dous os vídeos premiados, “Coñece o noso Condado” de Lorena Carrera, obtivo o voto do xurado, e “Recunchos do Condado Paradanta” de Rosa María Tielas foi o máis votado pola audiencia.

Na categoría de deseño houbo unanimidade e “O paseo das pantasma” de Matías Bas, foi a preferida tanto do xurado

como do público.

En pintura, Beatriz González recibiu o premio do xurado pola obra “La Moreira” e o do público por “Dedicación”.

Premios

O primeiro premio de cada categoría contará cun pack experiencia que consiste nunha actividade a escoller entre turismo activo, visita guiada ou cata comentada máis unha cea para dúas persoas en algún establecemento SICTED do Condado Paradanta. Ademais, os gañadores do público, levarán un lote de produtos locais.

Melloras de firme en Dextros



O Concello de Salvaterra de Miño, a través do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, está levando a cabo as obras de mellora de firme en Dextros, co fin de mellorar o estado da capa de rodadura actual, un camiño de 336 metros de longo con ancho

medio de 5 metros.

Os traballos a realizar son o desbroce e limpeza superficial do terreo con apertura de cunetas no terreo de tránsito en ambas marxes, barrido de firme e capa de rodadura realizada con mestura bituminosa en quente S de 5 cm de espesor.

Axudas para a dixitalización do sector forestal

O Concello de Salvaterra anunciou que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Rural e a Axencia Galega de Industria Forestal, vén de publicar no DOG as subvencións que, por valor de 2,5 M€, permiten fomentar as axudas para a dixitalización e innovación de empresas pertencentes á

industria forestal galega

Os beneficiarios das subvencións serán as pemes (incluídos os autónomos) e as súas organizacións. Nesta convocatoria poderanse atender proxectos, gastos e investimentos que se veñan realizando en Galicia dende o 2021 e que se xustifiquen -como tarde- o 31 de maio de 2023.

Festa das Avoas

O Concello de Salvaterra organiza a Festa das Avoas, a celebrarse do vindeiro 24 de setembro, a partir das 21 h, no restaurante “El Retiro”, cunha cea baile con música amenizada en vivo.

Todos aqueles interesados en participar teñen ata o 20 de setembro para reservar e confirmar a súa asistencia. O prezo por asistente é de 30 euros.



Capital histórica do Condado



CONCELLO DE
SALVATERRA DE MIÑO

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

ACiP lánzase ao reto de obter a Alcaldía de Ponteareas

Baixo o lema "a túa Alternativa para o Cambio", Alternativa Ciudadana de Ponteareas (ACiP) organizou un Día de Convivencia que congregou a 500 simpatizantes desta organización no entorno de San Roque, reunidos para amosar o seu apoio a Juan Carlos González Carrera no reto de obter a alcaldía de Ponteareas.

No acto mostraron unha ambiciosa proposta de goberno para a cidade, rompendo moldes ideolóxicos e contando con tódalas parroquias, "algo que o actual goberno négase a reali-



zar", segundo fontes deste partido. A xornada completouse con actuacións musicais e sorteos entre os asistentes dun encontro

histórico para a formación, co seu obxectivo de consagrarse como a auténtica alternativa de goberno.

Conexión directa entre Fozara e o centro urbán de Ponteareas

O Grupo Municipal do PP agradeceu á Xunta de Galicia e á Consellería de Mobilidade que dirixe Ethel Vázquez, que ampliase a roteiro Paredes-Ponteareas para dar servizo aos veciños de Fozara.

O Xefe Territorial de Infraestruturas e Movilidad, José Luis Díaz e a portavoz local, Belén Villar, foron as persoas que celebraron xunto a varios veciños da zona a estrea destas novas conexións que permitirán aos veciños de Fozara estar enlazados co pobo. Este modelo é o que quere seguir o PP de Ponteareas para



conectar todas as parroquias co Centro urbano, de forma que calquera persoa das parroquias poida facer uso do transporte público.

Ademais, o PP lémbrales aos

veciños que coa tarxeta de transporte da Xunta de Galicia poden beneficiarse da actual redución que se puxo en marcha cun aforro do 50% en cada viaxe.

PSdeG, PP e ACiP enfróntanse pola instalación das xardineiras

O PSdeG/PSOE de Ponteareas anunciou que defenderán no seo do goberno municipal a necesidade de colocar xardineiras de maior porte e facilmente movibles para substituír as recentemente instaladas en varias rúas da vila.

A consecuencia, o PP de Ponteareas cualificou de "paradoxal" que o PSdeG faga agora "oposición ao seu propio goberno" de

coalición co BNG co tema das xardineiras "cando fai catro anos retiraron das rúas peatonais de Oriente e Esperanza os maceiros grandes de aluminio que o PP instalou cando gobernou". A voceira do PP de Ponteareas, Belén Villar, denunciou que a instalación das xardineiras "provocaron varios accidentes" nas últimas semanas, pedindo así mesmo a súa retirada ata que non se alcance unha nova reso-

lución.

Por outra banda, Alternativa Cidadá de Ponteareas (ACiP) tamén criticou a instalación destas xardineiras, esixindo a creación dunha Comisión Informativa Urxente e pedindo explicacións á alcaldesa Cristina Fernández Davila sobre "a actuación dos seus concelleiros", sinalando particularmente a Roberto Mera, responsable de Bo Goberno, Tráfico e Seguridade.

Feira Tradicional dos Remedios en Ponteareas



O parque da Feira Vella, a Praza de Bugallal e as rúas da contorna acollerán o vindeiro 10 de setembro a Feira Tradicional dos Remedios, un encontro cultural que devolverá á vila ao século XX.

O evento dalle preferencia a aquelas persoas que realicen de-

mostracións in vivo dos seus oficios, así como a todas e todos os expositores inscritos no rexistro de Artesáns de Galicia e a produtores e produtoras locais que cumpran os requisitos estipulados nas bases. As e os participantes deberán estar ataviados con vestimenta de principios do século XX.

ACiP ve risco de incendio en Pardellas



Luís Rodríguez, concelleiro de Alternativa Cidadá de Ponteareas (ACiP), denunciou a situación na que se encontra o Espazo Natural Rexenerado de Pardellas, un terreo de titularidade municipal, esixindo ao Concello a "inmediata retirada" das ramas secas e resto de podas

acumuladas ante o posible risco de incendio.

Tras reclamar a "deixadez" do goberno municipal BNG-PSOE, Rodríguez esixiu ao Concello que atenda a limpeza desas parcelas para evitar incendios, tal e como observamos recentemente "coas trágicas escenas de Guillade".

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Todos ao cole!!!


Chegou setembro e os colexios abríron a súas portas para que miles de nenos e nenas, rapaces e raparigas bótense ás costas as súas carteiras ateigadas de libros e cadernos e collan o camiño dos seus respectivos centros de ensino.

Das dificultades que sempre se presentan nun principio de curso: libros caros, prazas insuficientes, números de alumnos por aula excesivos, etc. xa teñen falado dabondo outros medios de comunicación diarios. Nós imos centrarnos noutros parámetros tan ou mais esenciais ca eses pero dos que pouco se fala. Agás algún artigo de prensa solto polo medios das páxinas dos diarios que se ocupan preferentemente dos problemas máis funcionais e máis vivos do momento do comezo do curso.

Este ano tentase estrear unha nova Lei de Educación, a famosa LOMLOE, saída do Parlamento do Estado a principios de lexislatura. Esta nova lei ofrece un cambio substancial en referencia das últimas leis de educación que se viñan aplicando. Parece que pretende que os alumnos e alumnas aprendan máis “a aprender”, valla a redundancia, que non a memorizar contidos.

Este enfoque no mundo do ensino é algo que algúns, que tivemos como traballo

nas nosas vidas laborais unha completa dedicación ao ensino, xa viñamos denunciando nas últimas décadas. Claro que ninguén nos fixo caso e menos as autoridades educativas responsables dos correspondentes programas de ensino.



Nós últimos tempos parece que se pretende dar unha “man de pintura” por enriba para que como dixo Giuseppe di Lampedusa “que todo cambie para que nada cambie”, porque unha verdadeira educación nos tempos que nos toca vivir ten que afondar noutros problemas máis complexos. Un deles é a formación dos profesores, a ratio por aula, as súas competencias didácticas sobre todo no eido emocional e comprensivo, as técnicas di-

dácticas, etc.

Como nos indican os/as expertos/as, se para ser médico debes saber de bioloxía, para ser educador tes que coñecer como interacciona o cerebro en calquera nivel de aprendizaxe. É dicir, como evoluciona

o cerebro do educando/a que tes encomendado. Non se pode ensinar se non sabemos como se aprende.

Aí temos o uso das famosas pantallas móbiles que xa están acompañando aos educandos dende os poucos anos de idade. Aos pais pode parecerlles extraordinario que os seus bebés xa se desenvolvan dixitalmente apenas poucos anos de idade. O que non saben é que lles están frustrando a capacidade de atención propias desas idades non permitindo o seu desenvolvemento en plenitude en anos posteriores.

Os educandos teñen que dispor de técnicas que substitúan esas pantallas e artificios tecnolóxicos ata que o cerebro dos nenos e nenas xa se teña formado o suficiente para que poida sumar outras maneiras de desenvolvemento. É realmente triste ver como críos de poucos anos nos ofrecen unha demostración de como ma-

nexan aparatos que os maiores aínda non comprenden. Que estamos a conseguir, os famosos “nativos dixitais”? Tal vez, pero sen darnos conta que eses nenos e nenas non tiveron a posibilidade de desenvolver as súas capacidades naturais; que o seu cerebro nos creceu de forma natural senón que foi dirixido tecnoloxicamente e que máis tarde xa non é quen de liberarse desa tecnoloxía desenvolvida non para que sexan máis felices senón para que sexan máis manipulables.

Todo este problema estase a xerar nas aulas de parvulitos/as sen que os educandos se decaten suficientemente do problema. En canto aos pais e nais, que lles imos pedir se os propios profesores son os condutores desas condutas, alla a redundancia, nociva para os educandos.

A nova lei pretende que se memorice menos e se desenvolva máis a capacidade de observación e de comprensión pero non se libra de que esas competencias lles veñan dadas aos educandos por medio dun aparato que os controla, non pola súa capacidade de discernir, de decidir e tomar decisións que lles gusten ou non lles gusten. Expertos dixitais, tal vez, pero analfabetos humanos seguramente.

Nigrán acolle o 10 e 11 de setembro o III Festival de Percusión Afrobrasileira “Apertuke”

Nigrán acolle o 10 e 11 de setembro o III Festival de Percusión Afrobrasileira “Apertuke”, organizado pola Asociación de Percusionistas e Tamborileir@s APERTA coa colaboración do Concello de Nigrán e da Deputación de Pontevedra e que xa se realizara na localidade no 2019.

Durante dous días Panxón encherase de concertos, batucadas, obradoiros de percusión, obradoiros infantís, pasarrúas, circo e animación de rúa. Tódalas actividades, agás o obradoiro de percusión, son de balde e terán lugar

no complexo deportivo municipal “Dunas de Gaifar” en Panxón. No recinto haberá tamén barra, postos de comida e postos de artesanía.

O sábado 10 pola mañá, Ana Morga coa colaboración de Myri López impartirá un obradoiro de percusión afrobrasileira (prezo: 20 €). Inscripción en www.apertuke.com) e Didier Díaz ofrecerá un obradoiro infantil de percusión con instrumentos reciclados.

Pola tarde será a quenda dos grupos de percusión coas actuacións das batucadas Bloquinho Aperta, Trópico de Grelas e Somdoliá, seguidas de Afroliada que

ofrecerá un espectáculo que mestura tradición galega e ritmos africanos. Pajarito, presentará e animará a tarde cun espectáculo para peques e maiores, e Barafunda traerá espazo de xogos e animación infantil coa proposta de tres obradoiros.

Tras a cea, Rozadura abrirá as actuacións da noite e nos sorprenderá cun repertorio variado de estilos entre o Balkan, swing e folk con versións e temas propios. Shambaiala, será a batucada que nos fará bailar a continuación, e tras delas, será o turno de Tandub, grupo que nos trae dende



Ourense un proxecto que fusiona a música tradicional Gnawa (Norte de Marrocos, Tánxer) con outros xéneros como o reggae, o drum&bass ou a electrónica. Lakenobaila DJ será a encargada de pechar a xornada e faranos bailar

ata quedar sen folgos.

A programación continuará o domingo 11 a partir das 13:00 h., cun gran pasarrúas que percorrerá o paseo de Panxón con tódolos participantes no obradoiro do sábado.

FORO A PENEIRA

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
currosespanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - x.foroapeneira@gmail.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Exaltación dos pementos de Guláns

A Asociación de Amigos do Pemento de Guláns e o Concello de Ponteareas organizaron no parque da Avissoureira o 4 de setembro a VI edición da Exaltación do Pemento de Guláns, unha xornada gastronómica con menú degustación de pementos acompañado de churrasco e con marmelada de pemento e tetilla como sobremesa.

No evento tamén houbo mercado sostíbel con produtos locais artesanais e da horta, postos



de antigüidade, de segunda man e téxtil. O pregón correu a cargo

de Alicia Porto Fernández, da Banda de Música Unión de Guláns.

"Puntadas con fío" pola igualdade

A Concellaría de Igualdade de Ponteareas dirixida por Verónica Carrera vén de sacar a licitación o servizo de programación en materia de igualdade, no que destaca o programa 'Puntadas con fío', para traballar no ámbito educativo e veciñal a través de acti-

vidades promovidas conxuntamente dende os centros educativos, as asociacións e as ANPAs.

Con fondos propios do Concello e subvencións da Xunta de Galicia levaranse a cabo accións coa mocidade, formación entre o profesorado e familias na de-

tección de abusos sexuais, traballarse na localización de puntos violetas, na creación dun espazo feminista na Biblioteca municipal ou en accións dirixidas ás idade máis temperás, entre outras. O prazo de recepción das propostas para licitación remata o 5 de setembro.

420 rapaces e rapazas gozaron dos campamentos de verán

Durante os meses de xullo e agosto, arredor de 420 rapaces e rapazas participaron nalgunha das quendas do Campus Tea e do Verán Rural con actividades lúdicas e didácticas.

Un verán cheo de actividades do que puideron desfrutar os máis de 300 rapaces e rapazas inscritos no Campus Tea e os 100 do Verán Rural, que nesta edición levou os seus campamentos ás parroquias de Angoares, Xinzo, Areas e Guláns.



"Vacacións en Paz" cos nenos saharauís en Ponteareas



O Concello de Ponteareas recibiu a 4 rapaces e tres adultos que pasarán parte do verán na vila do Tea grazas ao programa "Vacacións en paz" promovido pola asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, que volve neste 2022 tras dous anos de parón pola pandemia.

A recepción tivo lugar no Centro Social de Ponteareas coa presenza da alcaldesa, Cristina Fernández, da Concelleira de Benestar Social, Verónica Carrera. Nos dous últimos anos, o Concello investiu 6.000€ para subvencionar os billetes de avión dos menores, na adquisición e no envío de alimentos cara o Sáhara.

10.000€ en axudas a entidades sociais

O Concello de Ponteareas pon en marcha unha nova liña de subvencións para entidades sociais, calculadas en 10.000€ e cun máximo de 3.000€ para cada entidade, coa finalidade de desenvolver actividades durante este 2022.

Con fondos propios, o Concello concede estas axudas en concorrencia libre. As entidades sociais interesadas poderán presentar as

súas solicitudes ata o 15 de setembro.

Estas subvencións permitirán realizar accións de prevención, asistencia, incorporación social, fomento e sensibilización da participación cidadá ou de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, entre outras. As axudas será para actividades realizadas ao longo do ano 2022, a contar dende o 1 de xaneiro.




Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



**Talleres
Guiller Motor**



Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Venta de vehículos usados

Tel./Fax 986 66 15 41



PONTEAREAS

Presentado o proxecto de transformación da nave de Aceiros do Tea

Representantes do goberno municipal do BNG-PSOE e do equipo técnico redactor do proxecto básico e de execución da transformación da nave de Aceiros do Tea expuxeron ante o tecido asociativo ponteareán o alcance de rehabilitación destas instalacións construídas en 1958.

O proxecto permitirá a transformación da torre de oficinas e da nave de 1.500 m, así como da balsa de decantación situada entre a propia nave e a Estación de Autobuses, potenciando a súa máxima capacidade ao tempo que se conservan ao máximo os elementos de deseño orixinais que fan do emprazamento un lugar



único.

A transformación deste conxunto industrial, que suporá un profundo cambio na contorna e permitirá seguir recuperando es-

pazos para as persoas, está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do programa EDUSI 'Ponteareas, Hábitat Saudábel'.

O Castelo de Sobroso acollerá "Música no ar"

O Castelo de Sobroso acollerá o xoves 8 de setembro, ás 19.00h, unha nova sesión do programa "Música no Ar" que a Deputación ten en marcha co obxectivo de levar a música clásica a espazos patrimoniais da provincia como pazos, mosteiros, igrexas, bens de patrimonio industrial, conxuntos etnográficos e espazos protexi-

dos cheos de maxia e historia. A entrada é libre ata completar aforo, pero con previa inscrición no correo participa.cultura@depo.es.

Neste concerto, Ensemble Vigo 430 adoptará a formación de cuarteto de corda para ofrecer a Op. 20 en Fa menor de Haydn e a de Quinteto con clarinete k.581 en La maior de Mozart.

O Concello avanza na reparación do Auditorio



O Concello de Ponteareas está a traballar na reparación do Auditorio Municipal Reveriano Soutullo tras sacar a licitación a primeira fase do proxecto de integración do auditorio na malla urbana da vila e contar co apoio de Patrimonio. As obras de reparación buscan corrixir as filtracións e graves danos a causa das obras de impermeabilización executadas incorrectamente polo goberno do PP en 2010 e que obrigou ao seu peche hai dous anos.

Cun investimento de máis de 185.000 euros financiados ao abeiro do Plan Concellos 2022,

os traballos consistirán na remodelación dos lucernarios cun novo sistema acristalado estanco; no saneamento da zona do parque infantil e do perímetro da praza; no arranxo das filtracións que entran a través das fiestras, sen sistema para escorrer a auga; e na reparación dos paramentos interiores e dos teitos e falsos teitos.

As empresas ou persoas interesadas optar á realización destas obras poderán presentar a súa proposta ata o vindeiro 8 de setembro a través da Plataforma de Contratación do Sector Público. O prazo de execución é de cinco meses.

mp MARPI

Pisos Casas Solares Vendas Compras Alquileres

R/ Amado Garra, 11
PONTEAREAS
Tel.: 986 66 18 18
Fax: 986 64 47 29

e-mail: marpi@marpi.es - www.marpi.es

LA OJIVA
ESPACIO GASTRONÓMICO

San Roque, 74 - Leirado - Salvaterra de Miño
Telf: 659 374 868 - laojivagastronomica@gmail.com

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

Pasión por la Belleza

C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

By Barriguiñas
Especialista en Ceremonia infantil, arras, comunión e bautizo

627053847

María Garrido Carballido
Rúa Castañal 14, local 4. PONTEAREAS

FERRETERIA EL PUENTE
GUISANFER, S.L.

Rúa Real, 91
36860 Ponteareas
Pontevedra

986 640 192 / 665 170 107
elpuente@guisanfer.com

ZOE
LENCERÍA

ESPECIALISTA EN TALLAS DE CORSETERÍA

C/Amado garra nº11, Ponteareas - 986.18.22.47

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O Hóckey Club Ponteareas feminino competirá na liga española

Despois de catro décadas, o Hóckey Club Ponteareas volverá participar en liga estatal, neste caso na OK Prata Feminina, converténdoo no primeiro equipo feminino da vila que xoga nesta categoría e no único representante da provincia de Pontevedra na competición.

Con novas fichaxes internacionais, as xogadoras do primeiro equipo participarán como adestradoras e formadoras da canteira e das escolas que o Hóckey Club Ponteareas está a crear en diferentes puntos e que agarda que



sexa “determinante para a inclusión e expansión do hóckey feminino”.

O acto de presentación contou coa presenza de directiva, pa-

trocinadores, deportistas do club e as súas familias e reuniu tamén a representantes da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra.

Remata a X edición do Festival Groba



O Festival Groba celebrou o seu décimo aniversario reunindo en Ponteareas a destacados artistas de prestixio internacional en torno á figura e obra do compositor Rogelio Groba Groba, o máis prolífico e influente dos autores galegos, aínda en activo aos seus noventa e dous anos.

Un dos eventos clave da décima edición foi a entrega do II Premio da Excelencia na Docencia Musical. Rogelio Groba Otero, fillo do mestre Groba e director da Orquestra de Cámara Galega, acompañado da alcaldesa de Ponteareas Cristina

Fernández e do Concelleiro de Cultura, Fernando Groba, foi o encargado de poñer nas mans de Sandra Fernández Fernández do CEIP Vicente Risco de Vigo no Barrio das Flores tan prestixioso galardón polo seu proxecto “Son das Flores, música para a transformación”.

Trala entrega do II Premio da Excelencia na Docencia Musical ao proxecto “Sons das Flores, música para a transformación”, a X edición do Festival Groba contou cun concerto para trío de cordas, a actuación de Erinyes Quartet e unha última actuación da Orquestra de Cámara Galega.

Reubicación de dúas paradas de taxis

O Concello, de común acordo co sector do taxi, procedeu a reubicar dúas paradas do centro urbano próximas á Praza Bugallal: unha quedou situada agora na rúa Vidales Tomé, no tramo que ten carácter peonil, situado

a carón desa praza; mentres que a outra que se atopaba até agora na rúa Rogelio Groba trasladouse á rúa Virxe dos Remedios, no tramo que ten tamén carácter peonil.

O traslado persigue liberar de vehículos a rúa Rogelio Groba,

un espazo de importante tránsito e estancia peonil e onde tamén se atopan diferentes terrazas de hostalaría. Co respecto á nova regulación, os taxis poden circular respectando a limitación de velocidade a 10 km/h nesas rúas e prazas.

CONFITERÍA
La Marquesina
CAFE
Reveriano Soutullo, 1 - Tlf. :986 640 243
Ponteareas

CAFÉ C.A.S
RESERVAS Y PEDIDOS
604 07 93 04
DESAYUNOS
MENU DEL DIA
FINES DE SEMANA
MENU ESPECIAL
COMIDA PARA LLEVAR
Rúa Vidales Tomé Nº 4, 36860 - Ponteareas

Gestor Ambiental y Técnico en Obras
Manuel González Abril
■ OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
■ TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
■ PERITACIONES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
■ ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO
Teléfono 630 485 211 obrasmg@hotmail.com

Óptica mahen
mahen audióprótesis
Ópticos desde 1939
Nº Reg. Sanitario E-36-000038
P O N T E A R E A S
r ú a s e n é n c a n i d o , 4

CONFITERIA
Regino
Especialidade en
rosquillas e melindres
Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa
Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.
Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

Maite Isla | Presidenta de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS)

"Os nenos refuxiados saharauís regresan aos campamentos falando galego"

Natural de Mondariz pero veciña de Ponteareas, Maite Isla é actualmente a presidenta de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS), entidade que impulsa

desde 1991 o programa "Vacacións en Paz", na que nenas e nenos saharauís pasan un par de meses en familias de acollida en diversos Concellos galegos.

Nova edición do programa Vacacións en Paz. Que balance pode realizar desta iniciativa solidaria que leva máis de tres décadas de andaina?

Totalmente positivo. Os nenos viñeron a Galicia o 24 de xuño e marchan este 4 de setembro. É

caso excepcional de problemas de adaptación pero as enquisas de balance que facemos unha vez remata a edición correspondente sempre é positiva para as familias e os nenos. De feito, os nenos regresan aos campamentos de refuxiados falando galego e con

Con todo, funciona moi ben o tema sanitario porque a República Árabe Saharauí Democrática (RASD) ten convenio con Cuba e hai varios médicos cubanos de tódalas especialidades traballando nos campamentos facendo un traballo increíble. Grazas a isto a penas existiu o COVID nos campamentos. Tamén dende o Estado español hai comisións sanitarias para enviar axuda aos campamentos e a de Galicia é das mellor recoñecidas. Desta vez van 300 caixas de medicamentos no avión que os leva de regreso, coordinados polo delegado saharauí en Galicia, Mohammed Zerga, así como do SERGAS, que facilitou bastante instrumental sanitario.

Atrévase a dar unha solución viable para o Sáhara Occidental.

Teño esperanzas dunha solución política viable, senón non seguiría



facendo este labor. Non é doado porque os distintos gobernos van pasando e miran para outro lado. Para mín non foi sorpresa o recente xiro diplomático por parte do goberno de Pedro Sánchez pero si nos sorprende que PODE-

liación cos delegados de zona e coas familias de acollida, traballando dende xa en Vacacións en Paz 2023. Fago un chamamento a tódolos lectores do xornal e ás persoas para irse anotando no programa a través das nosas de-

"O balance de Vacacións en Paz é totalmente positivo"

como se comezáramos de novo tras dous anos de pandemia. Había nenos que era a primeira vez que saían dos campamentos de refuxiados de Tinduf (Alxeria) e, a súa vez, tiñamos nesta edición que un 80-90% das familias de acollida tamén facían por vez primeira.

Segue sendo positiva a receptividade das familias de acollida?

Totalmente. Pode haber algún

acento. E incluso cando nós imos a Tinduf, cada mes de decembro, seguen falándonos en galego.

Como están sendo as condicións de vida nestes campamentos? Que tipo de axuda é necesaria?

Hai que tomar en conta que é un deserto inhóspito, que dificulta obviamente as condicións de vida que son precarias. Coa pandemia e as fronteiras pechadas non se puido enviar a axuda humanitaria.

"Teño esperanzas dunha solución política viable para o Sáhara"

MOS e Esquerda Unida, con quen tanto temos traballado pola causa saharauí, non fixeran nada por evitalo. Debían facer unha oposición máis firme.

Aproveite a oportunidade para lanzar unha mensaxe que podería beneficiar aos nenos saharauís

Nós agora faremos unha ava-

legacións nos Concellos e comarcas galegas. Están a disposición o tlf 986 26 26 37 (polas mañás) e o email: asociacionsogaps@yahoo.es. O ideal sería que os nenos refuxiados estiveran pasando as súas vacacións na súa patria, o Sáhara. Nós seguiremos loitando por unha causa que consideramos xusta.



milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com



LIMPIEZAS PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

CONDADO/PARADANTA

Mondariz legalizará o colector xeral de augas residuais

O Concello de Mondariz busca solucións aos problemas de conexión da rede municipal de saneamento coa Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) construída en Mondariz-Balneario. Ao tempo que insiste no cumprimento do convenio de colaboración que asinaron os dous concellos en 2005 para o sostemento conxunto da garde-

ría infantil, o punto limpo e a depuración de augas residuais, está en proceso de legalización do colector xeral de augas residuais construído en 2015 na marxe esquerda do río Tea.

En outubro de 2021, o Concello de Mondariz solicitou formalmente a legalización das obras do colector xeral de Mondariz para incorporar á EDAR de Mondariz-Balneario e Mondariz

as augas residuais procedentes da EDAR compacta situada na praia do Val. O proceso está en marcha, mais a CHMS exige nos seus escritos a tramitación conxunta da legalización do colector xeral e a autorización de vertedura de augas residuais. Mondariz tamén critica a "falta de diálogo" con Mondariz-Balneario e a "opacidade informativa" sobre o funcionamento da EDAR.

Novo pozo de subministro de auga na Cañiza

Xa está en activo o novo pozo de barrena de Portoaugavella, na Cañiza. Cun investimento de 88.398,95€ esta obra hidráulica adxudicada á empresa COVSA, executouse grazas á financiación da Deputación de Pontevedra que asumiu todo o coste da obra.

O novo pozo ven a sumarse ao xa construído en abril na zona do Rañadoiro cun investimento cercano aos 68.000,00€.

Estas dúas obras, que superaron os 155.000€ de inversión, aumentan e completan as instalacións da Rede de abastecemento de auga municipal do casco urbán

da Cañiza que conta con 35 unidades hidráulicas. 9 pozos de barrena, 12 mananciais de recollida de auga en casetas e outros 12 mananciais anillados e 2 depósitos de cabeceira. Un de 800 m3 no lugar de Augas Férras e o máis grande de 3.000 m3 no lugar de Portoaugavella.

VI Carreira Popular de Mondariz

O Concello de Mondariz volve contar coa Asociación Deportiva Mondariz para organizar a sexta edición da Carreira Popular de Mondariz, un evento que non se celebraba desde 2019 por mor da pandemia de Covid-19.

A Carreira Popular de Mondariz está programada para o 24 de setembro. Como noutras edi-

cións, está concibida como unha proba de sete quilómetros para as categorías absolutas e presenta diferentes percorridos para as categorías de menores. O proceso de inscrición xa está en marcha e permanecerá activo até o 22 de setembro. A participación ten un custe de 5 euros para os/as participantes maiores de 18 anos, e é gratuita para

os/as menores, aínda que a inscrición é requirida en todos os casos.

Semanas despois da VI Carreira Popular de Mondariz, o 12 de outubro, está programada a V Marcha BTT "Montes de Mondariz", outra tradicional actividade organizada pola Asociación Deportiva Mondariz coa colaboración do Concello de Mondariz.

Mondariz quiere recuperar a cestería local

Entre o 12 e o 23 de setembro, o centro social de Mondariz acollerá un curso gratuito de cestería de 60 horas financiado pola Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal).

Enrique Táboas, último artesán en activo vencellado á tradición cesteira de Mondariz, e Idoia Cuesta, referente da innovación na cestería contemporánea, serán os formadores principais deste curso intensivo. Esta acción formativa complementa a



producción do documental "Notas sobre os cesteiros de Mondariz", presentado o ano pasado para reivindicar a memoria do oficio e a viabilidade da súa recuperación como estratexia de desenvolvemento local.

Novos tramos para a rede de saneamento de Covelo



Nos ramais de Carballeda, en Covelo, e o Barreiro e As Óseas en Santa Mariña

O alcalde de Covelo, Pablo Castillo, informou do comezo das obras do proxecto de "ramais de saneamento de Carballeda, en Covelo e O Barreiro e As Óseas, en Santa Mariña".

Estas obras avanza na mellora dos servizos básicos e protección do medio natural, investindo un

total de 69.753,81€ que se suman aos tramos xa executados nos ramais de saneamento en O Castro en Covelo, Costa en Godóns; Santa Cruz en Santa Mariña e Margarida en Paraños.

As obras execútanse co apoio do Fondo de Compensación Medioambiental da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia.

Mostra de produtos de Covelo

Este 3 de setembro levouse a cabo a Mostra de Produtos de Covelo na Praza Mestre Cerviño, coa presenza de artesanía, xoiería, textil, moda, decoración macramé, cerámica polimérica, cosmética

natural, panadaría, horta ecolóxica, cámara minuteira, cestería, artesanía con cordas, xoguetes artesáns, sesión vermú, gastronomía en directo con degustación, pulpeira e concerto.

Melloras do vial da Igrexa de Santa María de Arbo

O Concello de Arbo leva a cabo a mellora do vial de acceso dende a Igrexa ata a Capela de San Pedro, con traballos previos e escavacións: Roce do terreo, demolición dos pavimentos existentes e realización do movemento de terras necesario, coa escavación (principalmente en roca, con martelo picador), así

como a carga e transporte do material sobrante a entulleira.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 202.988,56 € (IVE do 21% incluído que ascende a 35.229,42 €) e conta cunha achega da Deputación Provincial de Pontevedra, no marco do Plan Concellos 2022-2023: Liña 1: Investimentos.



Mellora de infravivendas nas Neves



Grazas a unha subvención do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), o Concello das Neves adianta a rehabilitación de 7 vivendas nas parroquias de San Xosé de Ribarteme, Tortoreos, As Neves (Estación), Santiago de Ribarteme, San Pedro de Batalláns, Setados e Vide.

O proxecto permite recuperar casas que non reúnen as condi-

cións mínimas de habitabilidade cando os seus propietarios carecen de recursos económicos para reformalas. O custo de cada obra achégase ao máximo permitido, 15.000 euros, destinados, na maioría dos casos, para evitar a entrada de auga e humidades nas vivendas, co arranxo de tellados e paredes e tamén completar melloras en cociñas e baños.

Homenaxe ao Arbo C.F e a José Juan Domínguez

O Concello de Arbo fixo entregou os premios dos concursos da LX Festa da Lamprea e do Certame "Brais Alonso", nos que foron galardoados na categoría de deporte a Alfonso Cabeiras Fernández, Pedro Rodríguez Cerdeira, Iria Groba, María de Sa, Carmen de Sa e Candela Gil, ao equipo de Alevín e Biberóns do Arbo, C.F e aos Veteranos Esmorga-Arborock.

Tamén foron premiados os alumnos do CEIP Antonio Carpineiro, gañadores do Concurso de redacción e debuxo e un recoñecemento a Asociación mulleres Rurais Arbenses polos seus 20 anos.



O alcalde Horacio Gil outorgaba o galardón de Arbense Distinguido ao Arbo Club de Fútbol, que este ano cumpriu 50 anos de historia, e a D. José Juan

Domínguez, gran embaixador da nosa vila ao longo da súa dilatada carreira aeronáutica durante a que sempre tivo a gala presumir das súas fondas raíces arbenses.

As Neves recibe a visita de irmandamento francés

Un total de 38 veciños e veciñas da Communauté de Communes Sud-Retz Atlantique, en Francia visitaron o Concello das Neves, coa que está irmandada desde 2003. Esta comunidade francesa mantén unha importante colonia de emigrantes neveses, que xa teñen fillos e netos, en varios concellos desta rexión de Francia

Os actos foron organizados pola Asociación Cultural Amigos do Lura Atlántico Meridional, coa colaboración do Concello das Neves, a Deputación de Pontevedra



e a Cámara Municipal de Melgaço. As visitas terán continuidade en 2024, cando veciños das Neves

visiten Francia. A delegación francesa tamén visitou Ribadavia, Ourense e Melgaço.

Festa dos Milagros en Barcela



O 3 e 4 de setembro, Arbo celebrou a Festa dos Milagros na parroquia de Barcela, organizada pola Asociación Kenchodiria e contando coa colaboración do Concello a través da actuación da Coral Polifónica

de Arbo.

O Concello agradeceu a iniciativa levada a cabo pola Asociación e a Comisión de Festas en recuperar unha tradición cultural e relixiosa que forma parte do patrimonio arbense.

Curso de Marketing Dixital en Mondariz

O programa impulsado pola Deputación e cofinanciado polo Fondo Social Europeo, TIC Empresas ofrece o curso "Marketing Dixital: estratexias SEO/SEM, redes sociais e análise de tráfico web" en Mondariz. Está aberta a inscrición ata o día 15 e dará comezo o 19 de setembro.

Terá unha duración total de

125 horas lectivas: 100 de formación específica e 25 de xestión do autoemprego ou creación de empresas. Ofrecése, ademais, tutorías personalizadas para a busca de emprego e asesoramento para a creación da propia empresa. Os alumnos que rematen o curso, terán dereito a solicitar unha bonificación económica de 13,45 € por día de asistencia á formación.

CONDADO/PARADANTA

“Mavi, a maleta viaxeira” chega a Covelo en pós da igualdade

O Concello de Covelo é un dos primeiros concellos en participar no programa de igualdade de xénero “Mavi, a maleta viaxeira” da Subdelegación do Goberno en Pontevedra e do Ministerio de Igualdade. Así o indicou a subdelegada do goberno na provincia de Pontevedra, Maica Larriba, no momento de entrega da maleta á tenente alcalde de Covelo e representante no consorcio de igualdade e benestar, Lourdes Enes.

O programa é unha iniciativa que nace co obxectivo de achegar textos que promoven a reflexión, a sensibilización e concienciación sobre temas determinantes para conseguir unha



sociedade máis igualitaria e libre de violencias. A maleta conta con libros infantís, xuvenís e para adultos, co obxectivo de que non só as mulleres, senón tamén as nenas e mozas poidan formar parte do proxecto

A maleta comezou a súa an-

daína no Centro Penitenciario de A Lama e continuará a súa viaxe por diferentes casas de acollida, asociacións de mulleres vítimas de violencia de xénero, centros de información á muller ou servizos sociais da provincia que soliciten.

EU Ponteareas reclama melloras no SAF

Esquerda Unida denunciou que o Concello de Ponteareas leva anos precarizando o Servizo de Atención ao Fogar (SAF), tomando en conta que na actualidade as traballadoras non cobran os pluses de perigosidade e penosidade que veñen recollidos no convenio laboral vixente e están obrigadas a usar o seu coche persoal sen que se lle actualice a tarifa de quilometraxe (0,19€/quilómetro), reducindo así o seu poder adquisitivo.

Criticou tamén que as xubila-

cións son cubertas por baixo da taxa de reposición autorizada, xa que o goberno municipal decidiu unicamente cubrir unha de cada dúas. Toda vez denunciou a privatización deste servizo, EU Ponteareas pediu ampliar os cupos de traballadoras do SAF, tomando en conta que só existen catro traballadoras deste servizo, así como mellorar as condicións laborais e abrir unha ronda de escoita activa coas traballadoras e persoas usuarias co gallo de garantir un servizo de calidade.

O Concello destinará 70.000 euros ás subvencións ás comunidades de augas de consumo de Ponteareas

O Concello xa ten aberto o prazo de presentación de solicitudes para as subvencións municipais ás comunidades de usuarios de augas de consumo de Ponteareas, unhas axudas ás que destinará 70.000 euros para a mellora das instalacións durante o ano 2022.

A través destas subvencións en réxime de concorrência competitiva que se levan adjudicando dende 2018, o goberno municipal busca colaborar coas traídas veciñais “para que realicen investimentos que redunden na melloría do servizo, que sirvan para fomentar o asentamento no rural, para promover o emprego local e para dinamizar o asociacionismo veciñal na nosa vila”, explica a alcaldesa Cristina Fernández Davila.

As entidades interesadas poden acceder ás bases xunto aos formularios en formato editábel a

través da sede electrónica do Concello ou na páxina web. A data límite de presentación é o vindeiro 19 de setembro. Estas axudas, financiadas con fondos propios do Concello, cobren ata o 80% do investimento a realizar cun límite de 18.000 euros por traída.

Esta liña de subvencións é un paso máis no compromiso do goberno municipal coas traídas de augas veciñais para a xestión dun recurso “de vital importancia, por iso debemos colaborar todo o que poidamos coas comunidades, que están a facer un labor fundamental para que a gran maioría da veciñanza rural conte con este servizo básico e prioritario. Por iso non podemos máis que agradecerlles a súa implicación e garantirlles que dende o Concello continuaremos colaborando con elas e con todos os veciños e veciñas no que precisen”, destaca a rexedora.

Ponteareas súmase a ‘Galegas dixitais’, un programa de formación para a dixitalización de mulleres no rural

O Concello de Ponteareas súmase a ‘Galegas dixitais’, un programa de formación totalmente gratuíto que ten por obxectivo a dixitalización de mulleres demandantes de emprego, especialmente no rural.

O Centro de Desenvolvemento Local acollerá as clases deste completo curso no que todas as participantes poderán gozar dunha completa formación en ferramentas que “sen dúbida favorecerán a empregabilidade e impulsarán o emprendemento nun momento no que as competencias dixitais son funda-

mentais non só para o futuro laboral, senón para realizar calquera tipo de trámite”, salientan as concelleiras responsables deste curso, a edil de Formación e Emprego, Vanesa Fernández, e a de Medio Ambiente, Rosa Covelo.

O programa ofrece un itinerario formativo deseñado “para ir avanzando dende un nivel básico cara a outro máis avanzado”. Por ese motivo, o primeiro curso será de competencias dixitais básicas, e contará con 40 horas de formación que comezarán o vindeiro 19 de setembro e rematarán o 28 de outubro.

As clases serán de 16.00 a 21.00 horas. Ao remate do curso, as participantes recibirán un título oficial acreditativo.

Para o desenvolvemento da actividade lectiva, cada participante recibirá unha tablet ou un Chromebook que ao finalizar as accións formativas seralle entregado como agasallo.

As mulleres demandantes de emprego interesadas en participar poderán facer as súas consultas escribindo a través de Whatsapp ao teléfono 604 039 575. As inscricións poden xa realizarse a través da páxina web galegasdixitais.es

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Jesús Vázquez Almuiña | Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo

"O Porto de Vigo leva 4 anos pechando con datos positivos de tráfico"

Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo desde novembro de 2020, Jesús Vázquez Almuiña (Baiona, 1962) foi con anterioridade alcalde do Concello de Baiona (2004-2015) e Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia (2015-2020). Nesta entre-

vista explícanos os proxectos para o futuro do Porto de Vigo, destacando a súa importancia socioeconómica e loxística, con case un 40% das exportacións en valor do tráfico marítimo de Galicia e movementos de mercadorías por valor de máis de 14.000 M€.



A Autoridade Portuaria investirá máis de 120 M€ ata 2026. Cales son os eixes prioritarios destes investimentos?

Desde 2016 e de xeito pioneiro, o Porto de Vigo leva traballando no proxecto europeo Blue Growth de economía sostible. Por tanto, o plan de investimentos que aprobamos no Consello de Administración para os vindeiros anos ten varios obxectivos prioritarios: o primeiro deles é a sostibilidade económica, mellorando tódalas nosas infraestruturas, reorganizando as diferentes Terminais e facendo máis eficiente o espazo portuario e de almacenamento na Terminal de Contedores de Guixar así como a construción da Terminal para os buques ro-ro de Bouzas. Tamén buscamos mellorar os servizos de inspección coa construción de novos Postos de Control Fronteirizos (PCF), que substituirá ao actual na área de Guixar, e outro a maiores na Terminal de Bouzas.

"As nosas prioridades son a sostibilidade económica e social e o piar medioambiental"

O segundo eixe é o piar medioambiental, e para iso estamos a levar a cabo diversos proxectos de eficiencia enerxética (Mercado e a Lonxa do Berbés), apostando por novas instalacións para enerxías limpas (construción dun depósito de Gas Natural Licuado, GNL) ou a conexión á liña eléctrica na propia Terminal. Por último, o terceiro eixe de investimento é a

sostibilidade social, con proxectos de humanización e senda peonil e ciclista que percorra toda a fronteira marítima dende o Areal ata Bouzas (paseo de As Avenidas, Beiramar e o Berbés) tentando achegar o porto á cidade e viceversa. Aquí investimos máis de 14M€ grazas a un convenio de colaboración coa Xunta de Galicia. **Está prevista a ampliación das terminais de Bouzas e Guixar?**

No tocante á Terminal de Bouzas, onde se mobiliza a mercadoría máis valiosa, o automóbil, apostamos, por una banda, por aumentar o espazo dispoñible a través da recuperación dunha antiga concesión e a instalación dun novo silo e, por outra, por aumentar os metros de amarre e calado cunha ampliación mínima de 18.000 m2.

No ano 2006, e sendo presidente da Autoridade Portuaria o actual alcalde de Vigo, Abel Caballero, propoñíase unha ampliación de 200.000 m2 nunha lonxitude de 700 metros de liña de amarre. En xaneiro de 2021 decidiuse propoñer un cambio de estratexia no deseño da modernización e optimización da Terminal: por unha banda, rescatouse parcialmente unha concesión na zona portuaria de Bouzas, anexa á Terminal, recuperando 65.000 m2, que foron incorporados directamente á Terminal e, por outra banda, decidiuse construír un novo silo para almacenamento de coches en altura que poderían xerar aproximadamente outros 60.000 m2 de nova superficie. Con estas dúas actuacións acadaranse uns 125.000 m2 de nova

área de almacenamento.

Así mesmo, deseñouse unha proposta de novos atraques con eslora e calado suficientes para os buques ro-ro do futuro, pero que inclúe exclusivamente a infraestrutura portuaria imprescindible para as operacións de carga e descarga, sen xerar novas explanadas e cun mínimo impacto para o medio mariño. De levarse a cabo estas melloras, a Terminal de Bouzas pasaría de poder albergar a escala de 5 buques ro-ro a 8, e a superficie ampliada proposta reduciríase considerablemente, pasando aos 18.000 m2, superficie mínima para garantir a manobrabilidade dos camións.

"Coa PLISAN estamos nun momento esperanzador"

Temos tamén a PLISAN. Que nivel de satisfacción ten con este proxecto?

Con respecto á PLISAN estamos nun momento esperanzador porque este 2022 será o de inicio da actividade empresarial e un grupo importante de empresas xa confirmaron notarialmente a súa aposta por esta Plataforma Loxística, a máis grande de Galicia e fundamental para a Área Metropolitana de Vigo e o Noroeste da Península Ibérica. Continuaremos coa urbanización da totalidade da superficie e melloraremos de forma significativa a conectividade, ao engadir á conexión coa autovía, a construción dun apartadeiro ferroviario. Nestes intres, temos aprobado o proxecto construtivo e estamos

pendentes da captación de fondos europeos para financiar os 25 millóns € que se necesitan. Podemos conectar esta Plataforma Loxística co Porto de Vigo, con Portugal, e con Europa, a través da Península.

Está prevista alí a instalación de novas empresas no horizonte 2022-2023?

Hai un grupo importante de empresas que formalizaron xa o seu interese, e seguen chegando solicitudes de información para incrementar en 2023 os integrantes da Plataforma Loxística.

Con ámbolos dous proxectos (obras no Porto e a PLISAN) estase asegurando o futuro económico para o Sur de Galicia?

Sen dúbida. Malia a pandemia e das diferentes crises ás que nos tocou facer fronte, o porto de Vigo leva 4 anos pechando con datos positivos de tráfico. Se tomamos os datos acumulados destes últimos catro anos, vemos cómo o tráfico aumentou máis dun +16%. Isto indícanos que a economía de Vigo e da súa área están fortes malia as moitas complicacións.

Para seguir consolidando esta tendencia alcista é preciso ofrecer máis espazo ás empresas que operan no porto de Vigo, ben cunha reorganización interna ou xerando novas localizacións como a PLISAN. Tamén é preciso facilitar a xestión a través da dixitalización de tódalas operacións portuarias, mellorar as nosas infraestruturas para adaptalas ás novas necesidades do tráfico marítimo, optimizar os procesos de xestión e control da importación e expor-

tación de mercadorías e, por último, ofrecer un acceso directo, moderno e eficiente por estrada e ferrocarril a todas as instalacións portuarias, así como promover as enerxías limpas e facer autosuficiente o porto. É imprescindible a conexión ferroviaria coa Terminal máis grande do porto de Vigo, a de Bouzas.

"É imprescindible a conexión ferroviaria coa Terminal máis grande do porto de Vigo, a de Bouzas"

En materia de actividade portuaria e comercio internacional, como está afectando a Vigo e Galicia o contexto derivado das actuais tensións xeopolíticas (Ucráina, Taiwán)

Lóxicamente, coma calquera actividade empresarial ou de comercio internacional, nestes momentos, a actividade portuaria está lastrada por diferentes factores, como os altos costes da enerxía, a escaseza de determinadas materias primas ou a inestabilidade global producida pola guerra de Ucraína. Nembargantes, o Porto de Vigo segue, a día de hoxe, con crecemento nas súas cifras globais de actividade. Unha estabilización de todos estes factores dará solidez ao crecemento futuro. Somos optimistas, porque entendemos que o tecido empresarial da nosa área de influencia indica que son empresas moi maduras e que están a responder moi ben ás dificultades.

FORO A PENEIRA DO ALTO MINHO

III Torneio Internacional de Basquetebol Cidade de Viana do Castelo

Nos próximos dias 10 e 11 de setembro realiza-se o III Torneio Internacional de Basquetebol Cidade de Viana do Castelo. O Torneio irá decorrer no pavilhão José Natário.

A organização está responsável pelos Clube de Basquete de Viana e Viana do Castelo CED2023 e conta com o apoio da Câmara Municipal de Viana do Castelo e a Federação Portuguesa de Basquetebol.

Terá a participação das equipas

de basquete do FC Porto, SL Benfica, CD Póvoa e Club Ourense Baloncesto.

No dia 10 de setembro ocorrerão três jogos: 15h00 – jogo de apresentação com Clube de Basquete de Viana vs CD Póvoa; 18h00 – FC Porto vs Club Ourense Baloncesto e 21h30 – SL Benfica vs CD Póvoa.

No dia 11 de setembro, ocorrerão dois jogos: 15h00 – jogo de apuramento dos 3.º e 4.º classificados e 18h00 – Grande final.

Entrada gratuita



Rampa de Santa Luzia a 10 e 11 de setembro

Decorrerá nos dias 10 e 11 de Setembro, a edição da Rampa de Santa Luzia.

É um Evento Revival, evocativo das Edições de Competição da nossa Rampa, cuja primeira edição aconteceu em 1950.

Sem qualquer tipo de competição, é um Evento Turístico que já se realiza desde 2014 com o Apoio da Câmara Municipal de Viana do Castelo, e que atrai a Viana milhares de aficionados do Desporto Automóvel.

Dividido em 5 séries de diferentes temáticas, tem a particu-



laridade de ser o único Evento em Portugal com uma série exclusivamente feminina, e que cresce de ano para ano em número de participantes.

Presidente da República veio divertir-se à romaria



O Presidente da República, Marcelo Rebelo de Sousa, participou este ano, na Romaria de Nossa Senhora d'Agonia, em funções oficiais, tendo sido aclamado pela multidão que encheu as ruas da cidade onde, O Chefe de Estado, acompanhado do presidente da Câmara Municipal de Viana do Castelo e do deputado Tiago Brandão Rodrigues, entre

outros, começou a descer a Avenida dos Combatentes da Grande Guerra, tendo sido literalmente engolido e ovacionado pela população ao som da canção de Amália Rodrigues 'Vamos de ir a Viana'.

Como é usual, Marcelo Rebelo de Sousa aceitou aos constantes pedidos de 'selfie', prática que bem o caracterizou nos tempos pré-pandemia, e que agora tem

retornado. Por entre brincadeiras típicas, ao lado do presidente da Câmara, Luís Nobre, e do anterior ministro da Educação, Tiago Brandão Rodrigues, um dos embaixadores desta romaria.

Além do Presidente da República, também o líder do PSD, Luís Montenegro, marcou presença nas festas de Viana do Castelo, na noite de sexta-feira.

Portugueses e galegos pedem a Costa e Sánchez melhor acesso à fronteira em Ponte da Barca

Os autarcas das regiões do Alto Minho e Ourense vão voltar a reclamar melhoria da ligação do IC28 à fronteira da Madalena e a Celanova, através da assinatura de uma carta, que será dirigida aos chefes de Governo de Portugal e Espanha.

Esta é uma "antiga reivindicação das duas regiões transfronteiriças" qua se "encontra expressa numa carta dirigida ao primeiro-ministro de Portugal, António Costa, e ao presidente do Governo de Espanha, Pedro Sánchez, que foi assinada no dia 31 de agosto, na qual apelam "para um maior envolvimento dos dois Governos na sua concretização".

O ato de assinatura deste documento, em português e castelhano, teve lugar na fronteira da Madalena, no concelho de Ponte

da Barca, pelas 10:00 (hora portuguesa), contando com a presença dos autarcas dos dois lados da fronteira, representantes da CIM Alto Minho e da Deputación de Ourense.

Os signatários desta missiva conjunta consideram que "esta ligação é de extrema importância para o incremento da cooperação, da atratividade e da competitividade desta região transfronteiriça e neste sentido deverá ser um desígnio dos dois Governos".

Os autarcas solicitam que "a concretização da ligação do IC28 à fronteira da Madalena e a Celanova seja realizada com brevidade, no âmbito do Plano de Recuperação e Resiliência/ Next Generation ou através de instrumentos de financiamento no contexto da cooperação transfronteiriça".

PUBLICITE (00351) 960 069 934
AQUI comercial.pt@novasdoeixoatlantico.com

FORO A PENEIRA DO ALTO MINHO

Melgaço distinguiu quem engrandece o concelho



Seis personalidades e uma empresa receberam ontem medalhas de honra e de mérito do Município de Melgaço.

O ex-ministro da Educação, Tiago Brandão Rodrigues, e o investigador Álvaro Domingues são, cidadãos de honra de Melgaço.

As distinções foram entregues pelo Município numa cerimónia em que foram agraciados como cidadãos de mérito Bernard Despomadéres, curador do Museu de Cinema, o investigador Joel Rodrigues, o professor Rocha Armada e o empresário Porfírio Esteves. A empresa Melgaço Radical foi reconhecida como instituição de mérito.

O presidente da Câmara Municipal, Manoel Batista, após ter entregue as condecorações, justificou-as como gesto de gratidão aos que se dedicam a causas que dizem respeito a toda a co-

munidade. A atribuição dos títulos honoríficos do Município iniciou-se em 2016 com cerimónia própria, realizando-se em Agosto.

Tiago Brandão Rodrigues foi nomeado cidadão de honra porque, no período do seu mandato governamental, de 2015 a 2022, “investimentos significativos foram feitos em Melgaço”, nos domínios da educação e do desporto. O agora deputado viu reconhecido “o carinho que sente pelo território”.

Álvaro Domingues colabora desde 2014 no Festival Internacional de Documentário de Melgaço e coordena o projecto ‘Quem somos os que aqui estamos’, trabalho de recolha e produção audiovisual sobre a cultura local

A dinâmica da diáspora melgacense está expressa noutros títulos de cidadão de mérito atribuídos na cerimónia.

A Bernard Despomadéres o Município de Melgaço premeia

a dedicação dada à gestão do Museu de Cinema e à preservação do espólio doado por Jean Loup Passek, que vai integrar um centro de documentação gerido pela autarquia.

Joel Rodrigues, que deixou o concelho em 1990, é hoje reconhecido como o melhor cientista informático do Brasil e faz parte do grupo dos 400 melhores em todo o mundo.

Manuel Rocha Armada, melgacense a viver em Braga, foi eleito recentemente o melhor professor do mundo na área de finanças.

Porfírio Esteves preside actualmente à Federação de Construção Ile de France.

A empresa Melgaço Radical, com 25 anos de actividade, viu reconhecido, com a medalha de instituição de mérito, o contributo dado ao reconhecimento do concelho como ‘Destino de Natureza mais Radical de Portugal’.

É o vinho tinto “mais caro de sempre”, foi produzido em Melgaço e esgotou em 24 horas



O vinho “Pequenos Reben-tos Touché tinto 2020, DOC Vinho Verde”, produzido numa área de vinhas raríssimas de Melgaço, esgotou em menos de 24 horas no produtor.

O verde tinto feito a partir de vinhas com mais de 90 anos começou a ser produzido na região dos vinhos verdes em 2016, mas foi em 2020 que Márcio Lopes, enólogo e produtor, descobriu as vinhas mágicas de Melgaço que lhe deram agora o vinho mais caro de sempre.

Na apanha da uva, já começa a ‘inflação’ do preço, com o quilo a ser pago a um euro. Já no final do processo, cada garrafa tem um preço recomendado de venda ao público de 50 euros a unidade.

“Este tipo de sistema de vinha está em extinção e se não com-

pensarmos o trabalho das pessoas, elas vão acabar por abandonar os campos. É uma riqueza cultural e faz parte do nosso património vitícola e paisagístico que se perde”, disse Márcio Lopes em declarações à revista Marketing de Vinhos.

O produtor explica que encontrou “as vinhas perfeitas para fazer este vinho” nas ramadas de Melgaço, “com mistura de castas onde se destacam Bastardo, Alvarelhão, Caíño Tinto, entre outras”.

A produção está limitada a 1.000 garrafas, o que torna o licor ainda mais valioso.

Em 2022, Márcio Lopes recebeu o prémio Tradição e Identidade, atribuído pela revista Paixão pelo Vinho, e em 2019 o de Enólogo Revelação, pela Revista do Vinho.

Arcos de Valdevez assina ata de vistoria de fronteira

Os Municípios de Arcos de Valdevez, no distrito de Viana do Castelo, e de Lobios e Entrimo, na província de Ourense, na Galiza, assinaram a acta de vistoria de fronteira, no âmbito do Tratado de Limites entre Portugal e Espanha, datado de 29 de Setembro de 1864.

Num encontro, o documento foi assinado pelo presidente da Câmara Municipal de Arcos de Valdevez, João Manuel Esteves, e pelos alcaides dos Municípios



de Lobios e de Entrimo, da Galiza. A acta de vistoria de fronteira é assinada anualmente por determinação do Ministério dos Negócios Estrangeiros e do Ministério de Relaciones Exteriores.



Restaurante “O Adérito”
Sala com capacidade para 250 pessoas
Casamentos/Batizados/Comunhões/Aniversários/Diárias
Serviço de Catering
WWW.oaderito.com

Contactos:
Tel: 251404412
Tlm: 966575716/962683522
email: restauranteoaderito@gmail.com

Qta do Pombal-Remoães
4960-330 - Melgaço
Gerente
Adérito Pires Costa

Festas da Nossa Senhora Da Bonança em Vila Praia de Âncora de 7 a 10 de setembro

As Festas em Honra de Nossa Senhora da Bonança decorrem em Vila Praia de Âncora, Caminha, entre os dias 7 e 10 de setembro, contando com um programa que, uma vez mais, alia o religioso ao profano, com destaque para a Majestosa Procissão, atuação de bandas de música, celebrações religiosas, desfile e festival folclórico e um 'sunset'.

Contará com atuações de destaque do Orfião de Vila Praia de Âncora, a 7 de setembro, pelas 21:30, a decorrer no cineteatro dos Bombeiros de Vila Praia de Âncora; com Augusto Canário & Amigos, a 8 de setembro, pelas 22:30, junto ao Forte da Lagateira; a 9 de setembro, pelas 21:30, como o espetáculo do "Tio Jel" no Forte da Lagateira, no dia 10 de se-



tembro, pelas 21:30, com o Festival Folclórico, que contará com a presença do Grupo Folclórico de Castelo de Neiva, do Rancho Folclórico Cravos e Rosas de Santa Maria de UI (Oliveira de Azemeis), Grupo Folclórico dos Pescadores

de Vila-Chã (Vila do Conde) e o Etenográfico de Vila Praia de Âncora, sendo que o final da noite, pelas 23:00, atuará a Orquestra "Função Publica"; no último dia, 11 de setembro, pelas 17:00 ocorrerá o Sunset "Bonança party", terminando as festividades no final da noite com uma sessão de fogos de artifício.

Durante estes dias decorrerão várias atividades com vertente religiosa com é o caso da procissão Naval que contará com o encontro de Nossa senhora da Ínsua com Nossa Senhora da Bonança, a decorrer no dia 8 de setembro pelas 15:30; a procissão das Velas a decorrer nesse mesmo dia pelas 21:00 e a processão em honra de Nossa Senhora da Bonança, a decorrer no dia 11 de setembro, pelas 15:30.

16 — 17
SETEMBRO

FESTIVAL
**VIANA
BATE
FORTE**

PRAÇA DA REPÚBLICA
PRAÇA DA LIBERDADE
PRAÇA DA ERVA

sex 16

sáb 17

Palco da República
Praça da República

NUNO LANHOSO

MATAY

SAMUEL ÚRIA

IRMA

JAROJUPE

VIRGEM SUTA

Palco da Liberdade
Praça da Liberdade

GISELA JOÃO

RITA REDSHOES

IVANDRO

TIAGO NACARATO

KARETUS

THE BLACK MAMBA

Palco da Erva
Praça da Erva

THE HAPPY MESS

RÉ MENOR

LHAST

CAROLINA TORRES

ENTRADA LIVRE



LA PARADA

GASOLINERA, CAFETERÍA Y SUPERMERCADO 24H

TELF. 986 484 444

A QUEIMADIÑA A-52 SALIDA 291